

15, 16 e 17 de marzo

NAHID

Dirección: Ida Panahandeh

Intérpretes: Sareh Bayat e Pejman Bazeghi

Irán, 2015 - 106 min (VOS en castelán)

Formato: Blu-ray

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 12 ANOS

* SELECCIÓN OFICIAL FESTIVAL DE CANNES 2015 (UN CERTAIN REGARD)

* FESTIVAL INTERNACIONAL DE VALLADOLID - SEMINCI 2015 SECCIÓN OFICIAL

Nahid, unha nai divorciada, namorouse de Masoud. Pero se casa con el, a patria potestade do seu fillo pasará a pertencer ao seu ex marido.

Nada sabiamos por aquí das andanzas da realizadora Ida Panahandeh ata que o premio da sección 'Un Certain Regard' en Cannes poñía ante os ollos occidentais a enésima evidencia do vigor dun cinema que, como o iraniano, segue pelexando contra vento e marea por non perder a súa virulencia crítica. O que aquí se conta non é novo, pero si o é tanto o seu ton, desposuído e cotián, como a procura da beleza que non adoita acompañar a crítica de costumes.

Trátase de ver de que maneira as convencións sociais e o predominio do marido ante a lei terminan por sufocar, nun crescendo imparabile, a vida dunha nai, nova e divorciada, que se volve namorar, pero a quen lle fará a vida imposible os que a rodean.. Panahandeh roda con convicción de veterana as andanzas do seu protagonista, e apiádase dela, que dúbida cabe, pero non pretende o seu martirio lacrimógeno. E non é por iso menor a súa contundencia crítica: ser muller non é ningunha ganga, pero nalgúns países é aínda menos bicoca que noutros.

POR MIRITO TORREIRO (FOTOGRAMAS ****)

22, 23 e 24 de marzo

LA FILLE DE BREST

(A DOUTORA DE BREST)

Dirección: Emmanuelle Bercot

Intérpretes: Sidse Babett Knudsen e Benoît Magimel

Francia, 2016 - 128 min (VOS en castelán)

Formato: Blu-ray

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 12 ANOS

* SELECCIÓN OFICIAL FESTIVAL DE CANNES 2015 (UN CERTAIN REGARD)

* FESTIVAL INTERNACIONAL DE VALLADOLID - SEMINCI 2015 SECCIÓN OFICIAL

Narra a historia real da doutora Irène Frachon, a muller que en 2010 se atreveu a plantarlle cara á industria sanitaria e farmacéutica francesa, cando se sacou á luz escándalo mediático ao redor da comercialización dun controvertido medicamento cuxos efectos secundarios provocaron a morte de centos de persoas.

HORARIOS: xoves 20.15 h; venres 20.15 h e sábado ás 17.15 e 20.15 h

* Pídese puntualidade, unha vez comezada a proxección non se permitirá o acceso á sala.

ENTRADAS: 3,00 €

(Carné xove, +65 anos, ou persoas desempregadas: 2,00 €)

* Imprescindible achegar o documento que acredite o desconto no momento de comprar a entrada

SESIÓNS DO ESPECTADOR: sábados 17.15 h.

PREZO ÚNICO: 1,50 €

ABONO 5 PELÍCULAS: 12,00 €

VENDA NO DESPACHO DE BILLETES: media hora antes de cada función (só se quedan entradas dispoñibles)

VENDA ANTICIPADA: na conserxaría, de luns a venres de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h; sábados de 10.00 a 13.00 h

SALA MARILYN MONROE

MULLERES QUE TRANSFORMAN REALIDADES

1, 2 e 3 de marzo

ISMACH HATANI

(O BALCÓN DAS MULLERES)



Dirección: Emil Ben-Shimon

Intérpretes: Yafit Asulin e Orna Banai

Israel, 2016 - 100 min (VOS en castelán)

Formato: Blu-ray

APTA PARA TODOS OS PÚBLICOS

Algo horrible sucede nunha devota comunidade ortodoxa en Xerusalén. O balcón das mulleres da sinagoga cae, o que significa que as mulleres daquela pequena e tranquila vila perderon o seu sitio dentro do edificio. Pero o peor chega cando a reconstrución comeza e non hai plans para volver colocar o balcón no seu sitio.

8, 9 e 10 de marzo

MARÍA (Y LOS DEMÁS)

Dirección: Nely Reguera

Intérpretes: Bárbara Lennie e José Ángel Egido

España, 2016 - 92 min (VO en castelán)

Formato: Blu-ray

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 7 ANOS

* NOMEADA PREMIOS GOYA 2016 MELLOR DIRECCIÓN NOVEL E ACTRIZ

* PREMIOS FERROZ 2016 MELLOR ACTRIZ

* NOMEADA PREMIOS FÉNIX 2017 A MELLOR ACTRIZ

María, con 35 anos e sen noivo á vista, deberá atreverse a cambiar o seu destino.

A paréntese que propón o título é un acerto, suxire unha personaxe illada, ao seu pesar, de quen a rodea: María é unha muller dedicada, desde o falecemento da nai, ao pai enfermo; unha criatura sensible e intelixente a quen o tempo se lle escoou das mans. É quizais un estereotipo, metido nun envurullo tamén a priori tópico. Pero Nely Reguera dálle un sopro singular a relacións persoais e situacións, pinta un cadro naturalista extraordinariamente vivo e rico en caracterizacións, logra unha perfecta maridaxe de melodrama e comedia, e diríase que pauta con metrónomo cada secuencia na que non sobra nin falta nada.

Brillantemente encarnada por Bárbara Lennie, con monólogo memorable tan longo e sostido como o que protagonizou en 'Os condenados' (Isaki Lacuesta, 2009), María é un deses personaxes que seguen vivindo no espectador horas, días despois de abandonar a sala.

POR JORDI BATLE CAMINAL (FOTOGRAMAS ****)



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
>PRÓXIMA